

22 noviembre 2004

A FeSP pide ó PSOE que cumpra o seu compromiso de aprobar un Estatuto do Xornalista Profesional

Xornalistas.– Mañá martes, o Pleno do Congreso dos Deputados vai decidir se tramita o Proxecto de Lei de Estatuto do Xornalista Profesional que presentou Esquerda Unida–Iniciativa per Catalunya Verds, ou se, ó negarse a iso, optará para que España siga sendo o único país da Unión Europea no que esta profesión non está regulada legalmente.

Ante esta oportunidade histórica para dar resposta a unha antiga reivindicación de todos os sindicatos, colexios e asociacións de xornalistas, a Federación de Sindicatos de Periodistas (FeSP) fai un chamamento a todos os deputados e deputadas para que voten a favor de tramitar esta lei. De maneira moi especial dirixímonos ós membros do Grupo Socialista, que adquiriron ese compromiso cando estaban na oposición. Aínda que non sexa un proxecto propio, e mesmo se non estivesen de acordo con el na súa totalidade, saben que poderán melloralo coas súas emendas xunto ó resto da Cámara.

16 noviembre 2004

IU–ICV presenta unha proposición de lei do Estatuto Profesional Xornalista

Xornalistas.– O grupo parlamentario de IU–ICV presentou onte no rexistro do Congreso unha proposición de lei do Estatuto Profesional do Xornalista co fin de "garantir o pluralismo dos medios e a independencia do xornalista", afirmou o seu portavoz, Joan Herrera.

O texto, que recorre, entre outros, ós antecedentes da Constitución nos artigos 20, 1.1 e 9.2, sinala que dito proxecto "desenvolve un conxunto de facultades que afirman esa independencia fronte ó poder político e busca un equilibrio coa propia independencia editorial das empresas, posto que non abonda garantir un pluralismo externo, senón tamén interno". Así mesmo, adopta como "elemento esencial" un "sistema de incompatibilidades e un código ético, cuxo control confíase ós Consellos de Información que poidan constituír as Comunidades Autónomas e a un Consello de Información de ámbito estatal creado pola presente Lei".

07 noviembre 2004

A FeSP urxe a que se lexisle sobre o dereito á información

Xornalistas.- A proposta de autorregulación do presidente da FAPE non soluciona os problemas dos xornalistas nin garante o dereito cidadán á información, e confunde á opinión pública sobre os contidos e alcance dun Estatuto do Xornalista Profesional. A Federación de Sindicatos de Periodistas (FeSP) urxe ós lexisladores a que regulen a profesión do xornalismo mediante os proxectos de Estatuto do Xornalista Profesional e de Lei de Dereitos Laborais dos Xornalistas, que xa foron presentados no Congreso dos Deputados e que son a única garantía do dereito da cidadanía a unha información veraz e plural. A demora en aprobar esa regulación está a contribuir non só a estragar máis esta profesión, senón á apertura de supostos debates que, sen máis avais que a improvisación e a falta de rigor, confunden á opinión pública.

02 noviembre 2004

O Sindicato de Periodistas de Cataluña considera "indispensable" o Estatuto do Xornalista Profesional

Xornalistas.- A Xunta Executiva do Sindicato de Periodistas de Cataluña (SPC) insistiu na necesidade e a urxencia de regular por lei "a práctica do xornalismo profesional" e a situación dos "xornalistas á peza" excluídos dos convenios colectivos do sector. O SPC adoptou esta resolución na súa reunión do pasado sábado na cal apoiou a iniciativa lexislativa que IU-ICV presentou no Congreso do Estatuto do Xornalista Profesional e a Lei de Dereitos Laborais do Xornalista que proximamente terán que ser debatidas na cámara.

O sindicato animou ós profesionais da información a defender estes proxectos como "ferramenta indispensable" para garantir o dereito da información da cidadanía a partir da óptima dignificación profesional e laboral dos xornalistas.

29 octubre 2004

A FeSP defende o Estatuto do Xornalista Profesional

Xornalistas.- O Pleno do Congreso dos Deputados terá que decidir proximamente se aproba un Estatuto do Xornalista Profesional que garanta o dereito da cidadanía a recibir información veraz ou, polo contrario, se se deixa levar polos cantos de serea -coincidintes co

interese dos empresarios– segundo os cales é suficiente que esta profesión autorregule as súas normas de conduta. A Federación de Sindicatos de Periodistas (FeSP) fai un chamamento a todos os partidos políticos, e de maneira especial ó PSOE, para que aproben un Estatuto do Xornalista Profesional e unha Lei de Dereitos Laborais dos Xornalistas, porque é a única maneira de garantir que o xornalismo será exercido con profesionalidade e con ética. Non ten ningún sentido que un dereito fundamental como o que ten a cidadanía a recibir información sexa regulado por un suposto acordo entre as partes – os xornalistas e as empresas– e non polos representantes da soberanía popular, que son os que teñen a obriga de o facer.

22 octubre 2004

Respostas sobre o Estatuto do Xornalista Profesional

Xornalistas.– Ante a anunciada entrada a debate no Congreso dos Deputados dos proxectos de Estatuto do Xornalista Profesional e da Lei de Dereitos Laborais dos Xornalistas xurdiron voces interesadas en confundir ós profesionais sobre o seu alcance e contidos. É a primeira vez que chega ó Parlamento Español un proxecto de lei que garante o dereito dos cidadáns á información e co obxectivo de frear esta campaña decidida a abortalo, a Federación de Sindicatos de Periodistas (FeSP) dá resposta ás dúbidas intencionadas que se están a difundir nas redaccións.

28 septiembre 2004

A FeSP denuncia a telelixo e esixe un Estatuto do Xornalista Profesional

Xornalistas.– A Xunta Executiva da Federación de Sindicatos de Periodistas, reunida en Madrid, critica o proxecto de televisión autonómica do Goberno balear e solidarízase cos traballadores de Antena 3.

A programación que emiten as cadeas de televisión privadas, e algunhas públicas, pola tarde, así como varios espazos nocturnos, chegou a tal nivel de degradación que supera todos os límites imaxinables.

A Federación de Sindicatos de Periodistas (FeSP) non pode gardar silencio ante a cada vez máis abundante difusión de “programas lixo” –emitidos mesmo en horario infantil nos que, invocando a liberdade de expresión, se traspasan todas as normas éticas e

profesionais. O abuso das cámaras ocultas é un perigoso método de traballo, cada vez máis utilizado.

15 julio 2004

O Foro de Organizaciones de Periodistas reitera a necesidade de regular o exercicio da profesión xornalística

Xornalistas.– O Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG), a través do seu decano Xosé Manuel Vega, participou no Foro de Organizaciones de Periodistas (FOP) que integran: as Agrupacións de Xornalistas de CC.OO. e UGT, o Col.legi de Periodistes de Catalunya, a Federación de Asociacións da Prensa de España (FAPE) e a Federación de Sindicatos de Periodistas. Este martes reuníronse en Barcelona para analizar o actual momento en que se encontra a regulación do exercicio da profesión (o FOP elaborou, aprobado e difundido un proxecto de Estatuto do Xornalista Profesional) e fixo pública a seguinte declaración:

- Reitérase na necesidade de avanzar no desenvolvemento constitucional dos dereitos e deberes dos xornalistas.
- A partir do texto de Estatuto do Xornalista Profesional elaborado polo FOP, convidar a que no marco do debate parlamentario se acheguen as reflexións e iniciativas que poidan ser escoitadas e recollidas polos distintos grupos para a súa posterior discusión e aprobación.
- O FOP considera necesario que o debate e intercambio de propostas alcance os maiores niveis de consenso.

08 julio 2004

Urbaneja: «O Consello Estatal da Información ten un cheiro franquista»

Xornalistas.– A Asociación da Prensa de Madrid (APM) estima que o Estatuto do Xornalista ideado por Esquerda Unida debe ser sometido a unha profunda revisión. Segundo declarou onte a ABC o presidente da APM, Fernando González Urbaneja, este texto debe ser mellorado porque «se ten que profundizar máis en cuestións como o segredo profesional, a cláusula de conciencia e unha lei de información que defina as obrigas do sector público en materia informativa».

A polémica desatouse o pasado 23 de abril, cando o Grupo Parlamentario de Esquerda Verde–Esquerda Unida–Iniciativa per Catalunya Verds presentou unha proposición de lei, admitida a trámite pola Mesa do Congreso dos Deputados, para a aprobación dun Estatuto do Xornalista Profesional e un código deontolóxico de obrigado cumprimento. A APM eloxia o esforzo, pero considera que, aínda que o proxecto redactado no seu día polo Foro de Organizacións de Xornalistas dá resposta a algúns problemas urxentes da profesión, incorre en propostas que poden introducir «confusión» e «máis dificultades das que hai ó exercicio profesional».

01 julio 2004

Zarzalejos reivindica a dignificación do Xornalismo e alerta do proxecto de Estatuto profesional ideado por IU

Xornalistas.– María Luz Morán Calvo–Sotelo, vicerreitora de Posgrao e Formación Continua da Universidade Complutense de Madrid (UCM), presidiu onte a entrega de diplomas ós alumnos da XV promoción do Máster de ABC, en convenio coa citada institución e coa colaboración do Santander Central Hispano. Telefónica Móviles tamén quixo colaborar co Máster co obsequio, a cada un dos alumnos, dun terminal móbil de última xeración TSM7, dotado con tecnoloxía iMode. A vicerreitora destacou o «especial interese da UCM polo desenvolvemento dos estudos de posgrao». Os xornalistas «non só deben porse ó día coa técnica da profesión», senón que este tipo de cursos «son tamén unha reflexión teórica para volver a vincularse coa universidade e tamén unha reflexión ética sobre o noso propio traballo», sinalou Morán Calvo–Sotelo.

(...)Na súa intervención, Zarzalejos abordou un dos asuntos que máis preocupan ó sector e do que en boa medida depende o futuro da profesión, como é a elaboración do Estatuto do Xornalista Profesional.

26 mayo 2004

O grupo de Esquerda Verde no Congreso de Deputados volve presentar o Estatuto do Xornalista Profesional a trámite parlamentario

FeSP.– Coa apertura do novo periodo de sesións no Congreso dos Deputados, o grupo parlamentario de Esquerda Verde (IU–ICV)

volveu presentar á mesa da cámara as súas propostas de lei de Estatuto do Xornalista Profesional e de Regulamentación Laboral dos xornalistas. Como se lembrará, ó final da lexislatura anterior, o mesmo grupo presentara estes dous proxectos de lei, que foron rexeitados pola maioría absoluta do PP e a abstención de CiU. Os dous proxectos transcriben case totalmente os termos das propostas elaboradas polo Fórum de Organizacións de Xornalistas, do que o SPC é fundador e onde participa a FeSP.

26 abril 2004

IU presenta a súa proposta de estatuto do xornalista e unha lei que regula os dereitos laborais

El Mundo.- O grupo Esquerda Unida-Iniciativa Per Catalunya Verds (IU-ICV) presentará hoxe no Congreso dos Deputados unhas propostas para elaborar un Estatuto do Xornalista e regular por lei os dereitos laborais dos profesionais da información.

IU-ICV argumenta que para consagrar o dereito á liberdade de expresión, o deber de informar e o dereito a ser informado "requírese un desenvolvemento das facultades que aseguren a dignidade e independencia profesional", entre as que figuran o segredo profesional e a cláusula de conciencia.

O Estatuto supera o mandato constitucional de regular os dereitos á cláusula de conciencia e o segredo profesional, e desenvolve un conxunto de facultades que afirman esa independencia fronte ó poder político e busca un equilibrio coa propia independencia editorial das empresas informativas.

19 marzo 2004

Os xornalistas lembran a Zapatero a súa promesa de tramitar un Estatuto que acabe coa precaridade laboral

Xornalistas.- A Federación de Sindicatos de Periodistas (FeSP) acaba de lembrar a Zapatero o seu compromiso co sector. O mes pasado de febreiro, o líder do PSOE comprometeuse por carta a pór fin á "precaridade laboral e profesional" dos informadores. E concretizaba as medidas a adoptar.

Segundo os datos manexados pola organización de xornalistas, case un 40% dos profesionais da información o son "á peza", sen contrato e "obrigados" a facerse autónomos "como se non traballasen por encargo dos medios".

Nunha nota dirixida ós políticos que concorrían ás eleccións xerais, a FeSP considerou fai uns meses tres condicións para

garantir os dereitos laborais dos xornalistas: un Estatuto do Xornalista Profesional, un modelo democrático de medios públicos de comunicación e unha regulación laboral dos xornalistas.

23 febrero 2004

Os sindicatos de xornalistas piden ós partidos que acaben coa precaridade laboral

El Mundo.- A Federación de Sindicatos de Periodistas (FeSP) esixiu ós partidos políticos que concorren ás eleccións do 14 de marzo a adopción de medidas que poñan fin á "precaridade laboral e profesional" dos informadores.

Segundo os seus datos, arredor do 40% dos profesionais da información o son "á peza", sen contrato e "obrigados" a facerse autónomos "como se non traballasen por encargo dos medios".

Nunha nota dirixida ós candidatos políticos, a FeSP considera tres condicións para garantir os dereitos laborais dos xornalistas, así como o dereito á información dos cidadáns: un Estatuto do Xornalista Profesional, un modelo democrático de medios públicos de comunicación e unha regulación laboral dos xornalistas.

10 diciembre 2003

¿Necesitamos os xornalistas españois un Estatuto Profesional?

Xornalistas.- Esquerda Unida cre que sí e onte, no Pleno do Congreso dos Deputados, Felipe Alcaraz propuxo a creación dun Estatuto do Xornalista Profesional para garantir os dereitos laborais e a independencia dos xornalistas. "Se non hai independencia dos xornalistas, non hai información obxectiva en ningún país, e neste non está lexislada".

O PSOE tamén considera que sería conveniente, xa que, segundo Luis González Vigil, "España é o único país da UE" que carece dunha regulación específica da profesión xornalística e é necesario aclarar a figura da cláusula de conciencia e do segredo profesional, así como ordenar as relacións dos xornalistas cos propietarios dos medios de comunicación.

09 diciembre 2003

O PP rexeita no Congreso o Estatuto do Xornalista Profesional proposto por IU

El Mundo.- O Pleno do Congreso dos Deputados rexeitou, cos votos en contra do PP e a abstención de CiU, a proposta de IU de crear un Estatuto do Xornalista Profesional que a formación que dirixe Gaspar Llamazares necesaria para garantir os dereitos laborais e a independencia dos xornalistas, a fin de facer realidade a liberdade de información consagrada no artigo 20 da Constitución.

O portavoz de IU no Congreso, Felipe Alcaraz, argumentou que actualmente "non existen dificultades á patoloxía da concentración", non está regulado o segredo profesional, non existen consellos de redacción, nin un control real dos medios públicos de comunicación, que, ó seu xuízo, "deberían servir de liderado comunicativo".

O Congreso rexeita a proposición de IU do Estatuto Profesional de Xornalistas

Xornalistas.- O pleno do Congreso rexeitou hoxe unha proposición de lei, presentada polo grupo de IU, para a creación do Estatuto do xornalista profesional, similar á presentada polo PSOE a principios do pasado novembro, na Comisión de Política Social e Emprego, que tamén foi rexeitada.

Votaron a favor, con 112 votos, os grupos parlamentarios do PSOE, IU e Mixto; en contra, con 158 votos, o grupo popular e abstiveronse os 15 parlamentarios do grupo catalán.

O deputado de IU, Felipe Alcaraz, na súa defensa da proposición de lei, dixo que a situación da comunicación en España é "preocupante" e contraria ó que sucede no resto de Europa; afirmou que non existe autoridade audiovisual e que non están regulados nin o dereito de acceso a grupos sociais, nin o segredo profesional, nin os consellos de redacción.

26 novembro 2003

Xornalistas, sindicatos e organizacións profesionais esixen ó goberno un Estatuto do Xornalista

Xornalistas.- Xornalistas de toda índole, sindicatos e organizacións profesionais reuníronse o pasado martes, día 25, nunhas xornadas parlamentarias, organizadas polo Grupo

Parlamentario Socialista, para esixir ó Goberno un Estatuto do Xornalista Profesional que regule o dereito á información e os dereitos dos informadores.

O catedrático e relator do Código Europeo de Deontoloxía do Xornalismo, Manuel Núñez Encabo, durante a súa intervención na primeira mesa redonda defendeu a necesidade urxente de regular o dereito á información e sentenciou que "está a desaparecer o xornalismo como tal" porque, ó seu xuízo, non hai garantías de que os xornalistas teñan liberdade de expresión para garantir o dereito á información.

Pola súa parte, o presidente da Agrupación Xeral de Xornalistas de UGT, Alfonso Diez, mostrouse tallante ó asegurar que se existe un Estatuto do Xornalista Profesional, "un director dos servicios informativos de TVE non podería seguir séndoo despois de ter sido condenado polos tribunais por manipular a información", en referencia a Alfredo Urdaci.

09 noviembre 2003

O Grupo Popular rechazou no Congreso dos Deputados unha proposición de IU sobre a creación do Estatuto do Periodista Profesional

Xornalistas.- O pleno do Congreso rexeitou hoxe unha proposición de lei, presentada polo grupo de Esquerda Unida (EU), para a creación do Estatuto do Xornalista profesional, similar á presentada polo PSOE a principios do pasado novembro, na Comisión de Política Social e Emprego, que tamén foi rexeitada. Votaron a favor, con 112 votos, os grupos parlamentarios do PSOE, EU e Mixto; en contra, con 158 votos, o grupo popular e abstivéronse os 15 parlamentarios do grupo catalán. O deputado de EU, Felipe Alcaraz, na súa defensa da proposición de lei, dixo que a situación da comunicación en España é "preocupante" e contraria ó que sucede no resto de Europa; afirmou que non existe autoridade audiovisual e que non están regulados nin o dereito de acceso a grupos sociais, nin o segredo profesional, nin os consellos de redacción.

06 noviembre 2003

O PP rexeita a proposta do PSOE no Congreso para crear o Estatuto do Xornalista

El Mundo.- A Comisión de Política Social e Emprego rexeitou a proposición non de lei do Grupo Socialista sobre a promulgación

dun Estatuto do Xornalista Profesional e a regulación dos dereitos laborais dos xornalistas co voto en contra do PP, que considerou máis apropiado tratar este tema desde o diálogo social e a negociación colectiva.

A iniciativa instaba ó Goberno a elaborar un Estatuto do Xornalista Profesional que garanta ós cidadáns o seu dereito á información e á libre expresión así como "un mínimo de dereitos laborais dos informadores para que poidan exercer a súa tarefa por enriba de presións".

Así mesmo pedía a regulación mediante un Proxecto de Lei dos dereitos laborais dos xornalistas, "en especial dos denominados xornalistas á peza".